

I ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE O PORRIÑO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN EMPRESARIAL E O EMPRENDEMENTO A TRAVÉS DA OFICINA DE O PORRIÑO DA REDE SMARTPEME PONTEVEDRA

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POR:

I ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE O PORRIÑO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN EMPRESARIAL E O EMPRENDEMENTO A TRAVÉS DA OFICINA DE O PORRIÑO DA REDE SMARTPEME PONTEVEDRA

En Pontevedra/O Porriño

INTERVEÑEN

D. Luis López Diéguez, actuando en representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, alcalde do Concello do Porriño, actuando en representación do mesmo en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar esta I addenda e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeira.- Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de O Porriño asinaron, con data 20 de febreiro de 2023, un convenio de colaboración para a realización de actividades de promoción empresarial e o emprendemento a través da oficina de O Porriño da Rede SmartPeme Pontevedra, situada no centro Multiusos Torneiros en Porriño, con vixencia ata o 20 de febreiro de 2024.

Segunda.- Que resultando de interese para a Deputación e o concello de O Porriño continuar coas actividades previstas no convenio, reuniuse, o 15 de febreiro de 2024, a comisión de seguimento do devandito convenio acordándose: a ampliación da vixencia do convenio ata o 20 de febreiro de 2026, condicionada á existencia do contrato no que se fundamenta a prestación do servizo obxecto de convenio, deixando o resto de cláusulas do convenio intactas.



Terceira.- Que a cláusula décimo segunda do devandito convenio determina que as partes poderán prorrogar a vixencia do convenio de forma expresa, a través da correspondente addenda.

Cuarta.- Que a vixencia total do convenio de orixe non se estende máis do prazo máximo establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

ACORDAN

PRIMEIRA.- Ampliación da duración

Ampliar a duración do Convenio, prevista na cláusula décimo segunda, ata o 20 de febreiro de 2026.

Que coa duración da presente prórroga a vixencia total do convenio non se estende por un período superior ao límite legal establecido no art. 49.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEGUNDA.- Efectos da addenda

A presente addenda xurdira efectos desde a súa sinatura.

A eficacia vinculante da presente addenda queda condicionada á existencia do contrato administrativo do “Servizo de evolución e xestión da Rede SmartPeme de Pontevedra”. O incumprimento desta condición producirá á resolución automática do mesmo.

Salvo nas modificacións expostas na presente addenda, mantéñense plenamente en vigor todos e cada un dos termos e condicións do Convenio.

TERCEIRA.- Réxime xurídico

A regulación establecida nesta I addenda axustarase, en todo o non especificamente regulado nela, ao réxime xurídico establecido nas cláusulas do Convenio de colaboración do que trae causa.

E para que conste, e en proba de conformidade, asinan as persoas interviñentes a presente I addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o concello de O Porriño para a realización de actividades de promoción empresarial e o emprendemento a través da oficina de O Porriño da rede SmartPeme Pontevedra.

Asinada dixitalmente.

